



APellidos, NOME

D.N.I.

AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE TRABAJO MEDIANTE CONTRATACIÓN LABORAL FIXA.
(DOG: 24-03-2015)

CATEGORÍA: ENFERMEIRO/A

PARTE ESPECÍFICA

ADVERTENCIAS:

- Non abra este cuestionario ata que llo indiquen.
 - Para abrir o cuestionario, introduza a man no caderno e, cun movemento ascendente, corte pola parte dereita do caderno (vexa a figura esquina inferior dereita).
 - Se observa algunha anomalía na impresión do cuestionario, solicite a súa substitución.
 - Escriba os seus datos persoais no recadro superior.
 - O tempo de realización deste exercicio é de **180 minutos**.
 - Este cuestionario consta de 100 preguntas máis 10 preguntas de reserva. As preguntas deste cuestionario deben ser contestadas na "folla de exame" entre os números 1 e 110.
 - En cada pregunta existe unha e só unha resposta correcta.
 - Todas as preguntas de cada exercicio teñen o mesmo valor.
 - As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.
 - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "folla de exame" é o que corresponde ao número de pregunta do cuestionario.
 - Só se terán en conta as respostas marcadas na súa "folla de exame" que se lle entrega xunto co caderno.
 - Este cuestionario pode utilizarse na súa totalidade como borrador.
 - En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán do cuestionario bilingüe, prevalece este último para os únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución poderán expresarse de maneira unívoca.
 - Non se permite o uso de calculadora, libro nin documentación ningunha, móbil nin ningún outro elemento electrónico.
 - Se terminou de realizar o seu exercicio, advírtallo á organización para que lle recolla este cuestionario e a "folla de exame", da que se lle entregará a terceira copia. Malia o anterior, se acaba durante os 5 últimos minutos do tempo límite fixado para realizar o exercicio, permanecerá no seu asento ata que se lle recollan os anteriores documentos.
- SOBRE A FORMA DE CONTESTAR NA «FOLLA DE EXAME», LEA MOI ATENTAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO SEU DORSO.**
- ESTE CUESTIONARIO DEBERÁ SER DEVOLTO COMPLETO AO FINALIZAR O EJERCICIO.**

ABRA SOAMENTE CANDO O INDIQUE O TRIBUNAL

APERTURA

1. A manipulación do material esterilizado farase (sinale a resposta correcta):
 - A) Con pinzas adaptadas.
 - B) Con luvas especiais.
 - C) Nada máis saír da cámara.
 - D) Ningunha é correcta.

2. O almacenamento dos diferentes compoñentes sanguíneos disporá dunha alarma (sinale a resposta correcta):
 - A) Intermitente.
 - B) Que salte a unha temperatura de 20 °C.
 - C) Oída ou vista onde haxa persoal.
 - D) Dixital.

3. No transporte dos compoñentes plaquetarios, a temperatura óptima será:
 - A) Entre 18-25 °C.
 - B) Entre 18-24 °C.
 - C) Entre 18-23 °C.
 - D) Entre 18-22 °C.

4. Na Guía de reanimación cardiopulmonar (RCP) 2015 do Consello Europeo de Resucitación, na reanimación cardiopulmonar pediátrica avanzada, os cuidados posresucitación van encamiñados a:
 - A) Levar a cabo todos os tratamentos necesarios para lograr unha recuperación neurolóxica completa.
 - B) Un adecuado control da temperatura que evite a hipertermia e a hipotermia profunda.
 - C) Manter un control glicémico que non empeore o pronóstico do paciente.
 - D) Todas son correctas.

5. Durante cantos anos, como mínimo, se debe gardar o rexistro de indicadores de calidade do software específico aplicable a servizos e centros de transfusión?
 - A) Durante 5 anos.
 - B) Durante 2 anos.
 - C) Durante 3 anos.
 - D) Indefinidamente.

6. Na comunicación, o sorriso ten como función:
 - A) Expresar sintonía coa persoa coa que se está falando.
 - B) Facilitar o diálogo.
 - C) Aliviar a tensión.
 - D) Todas son correctas.

7. A activación dunha alarma iniciará:
 - A) Unha acción de pánico.
 - B) Unha acción de corrección.
 - C) Unha acción de paro.
 - D) Ningunha é correcta.

8. A primeira fase da campaña de doazón no curso 2016/17 dos campus universitarios galegos conclúe que o campus que maior número de doazóns realizou foi:

- A) A Coruña.
- B) Santiago.
- C) Vigo.
- D) Ourense.

9. A Guía de reanimación cardiopulmonar (RCP) 2015 do Consello Europeo de Resucitación, na reanimación cardiopulmonar pediátrica avanzada intrahospitalaria, especifica que:

- A) Un acceso vascular é esencial para poder administrar fármacos, líquidos e para a extracción de mostras de sangue.
- B) A vía venosa central é o acceso vascular de elección durante a RCP se non se logra canalizar unha vía venosa periférica nun minuto, sempre que poida ser realizada a canalización por persoal formado.
- C) En caso de canalizar unha vía intraósea, as mostras de medula ósea poden servir para análise, para probas cruzadas e para gasometría, dado que os valores son parecidos aos dunha vía venosa central sempre que non se administrasen fármacos na cavidade.
- D) A e C son correctas.

10. O tempo máximo para a conservación de preparados de plaquetas será:

- A) 5 días.
- B) 8 días.
- C) 6 días.
- D) Ningunha é certa.

11. En que condutas se clasifica a información non verbal?

- A) Cinésicas, retropoéticas e paralingüísticas
- B) Retropoéticas, proxémicas e ciliformes
- C) Cinésicas, paralingüísticas e proxémicas
- D) Cinésicas, heboides e anancásticas

12. A Federación Española de Doadores de Sangue elaborou a Estatística nacional sobre doazón de sangue en España do ano 2015 e nela reflicte que a primeira comunidade autónoma na clasificación de doazóns é:

- A) Galicia.
- B) Extremadura.
- C) Castela e León.
- D) Asturias.

13. Pódese facer unha doazón de:

- A) Glóbulos vermellos.
- B) Plaquetas.
- C) Plasma.
- D) Todas son correctas.

14. Os ficheiros de carácter persoal do software específico aplicable a servizos e centros de transfusión notificaranse:
- A) Á Axencia de Informática de Datos.
 - B) Á Axencia de Protección Policial.
 - C) Á Axencia de Protección de Datos.
 - D) Ningunha é correcta.
15. En relación coas normas e especificacións do sistema de calidade do centro de transfusión relacionadas cos locais, que se ha de ter en conta?
- A) Área de doadores-Área de extracción-Área de verificación e tratamento do sangue-Área de almacenamento-Área de eliminación de residuos.
 - B) Nos locais será posible traballar seguindo unha secuencia lóxica, co fin de minimizar o risco de aparición de erros, así como de permitir a súa limpeza fácil e un mantemento eficaz para minimizar o risco de contaminación.
 - C) A e B son correctas.
 - D) Os locais, sen incluír as unidades móbiles, adaptaranse e manteranse de forma que sexan adecuados para as actividades que se realizan neles.
16. O axente esterilizante ideal será (sinale a resposta falsa):
- A) O que evite riscos para o medio ambiente.
 - B) O que evite riscos para o paciente.
 - C) O que posúa unha baixa penetración.
 - D) O que sexa eficaz no menor tempo posible.
17. As iconas do escritorio en Windows 7:
- A) Están limitadas a un número máximo de 20.
 - B) Non se poden renomear.
 - C) Unicamente poden ser accesos directos a programas que se teñan instalados.
 - D) Ningunha das anteriores.
18. Tipos de autoclaves para esterilización por vapor (sinal a resposta falsa):
- A) Gravitatorios.
 - B) Prebaleiro.
 - C) Circulares.
 - D) Baleiro fraccionado.
19. En relación coas doazóns, que infeccións rexistraremos dos doadores?
- A) VIH.
 - B) Sífilis.
 - C) Hepatite.
 - D) Todas son certas.

20. En relación coa promoción da doazón de sangue na escola (sinale a resposta incorrecta):

- A) En nenos menores de 8 anos non está aconsellado facer promoción da doazón dada a asociación que fan de sangue a ideas negativas.
- B) Débese adaptar a información aos distintos grupos de idade infanto-xuvenil.
- C) É importante contar co apoio do profesorado que comparta a idea de que a doazón de sangue é un tema que merece ser tratado na educación infantil e xuvenil.
- D) Na etapa de 13-14 anos recoméndase, entre outras ideas, promover visitas aos centros de transfusión

21. En relación coa hemovixilancia, é certo que:

- A) A hemovixilancia é o conxunto de procedementos organizados de vixilancia relativos aos efectos ou reaccións adversas que poidan aparecer ao longo da cadea transfusional, desde a extracción do sangue e compoñentes ata o seguimento dos receptores, todo iso co fin de previr e/ou tratar a súa aparición ou recorrencia.
- B) A Rede estatal de hemovixilancia confórmana as redes das 17 comunidades xunto coa Unidade de Hemovixilancia da Administración central.
- C) As notificacións de hemovixilancia están relacionadas con incidentes na doazón, na conservación e transporte, manipulación e preparación de compoñentes sanguíneos e na transfusión.
- D) Todas son correctas.

22. Das seguintes áreas, sinale a que non pertence á dotación dun centro de transfusión:

- A) Área de doadores.
- B) Área de extracción.
- C) Área de eliminación de residuos.
- D) Área de reciclaxe.

23. É unha barreira da comunicación:

- A) Mostrarse parcialmente de acordo cos argumentos da outra persoa.
- B) Xeneralizar.
- C) Falar en primeira persoa do singular ou do plural.
- D) A e B son correctas.

24. Nas centrifugas (vasoiriñas, fechaduras e engraxes) revisaranse cada:

- A) Mes.
- B) Ano.
- C) 6 meses.
- D) Semana.

25. Na etiqueta do compoñente sanguíneo deberá constar (sinale a resposta falsa):

- A) A caducidade.
- B) A temperatura de almacenamento.
- C) O grupo ABO.
- D) O nome e poboación do doador.

26. Pode realizar unha doazón convencional de sangue total unha persoa que pese menos de 50 kg?
- A) Si, se presenta un informe médico dun adecuado estado de saúde e a súa porcentaxe de hemoglobina en sangue é superior ao rango establecido pola lei.
 - B) A cantidade de sangue doado é de 450 cc para todas as persoas. Dado que non se debe extraer máis do 13 por 100 do volume total de sangue dunha persoa, en termos xerais, as persoas que pesan menos de 50 kg non poden doar porque excederían o volume máximo establecido.
 - C) A cantidade de sangue doado é de 450 cc para todas as persoas. Dado que non se debe extraer máis do 15 por 100 do volume total de sangue dunha persoa, en termos xerais, as persoas que pesan menos de 50 kg non poden doar porque excederían o volume máximo establecido.
 - D) As doazóns poden ser aceptadas en pacientes por debaixo dos 50 kg baixo a responsabilidade do médico.
27. Un dos factores que se pode empregar, xunto a outros, de maneira complementaria, como indicador para saber cando é o momento de lle poñer fin a unha reanimación intrahospitalaria dun paciente adulto é:
- A) O nivel de dióxido de carbono ao final da expiración (ETCO₂) en pacientes entubados. Un nivel inferior a 10 mm Hg (valorado mediante capnografía) ao cabo de 20 minutos de reanimación cardiopulmonar (RCP) asóciase a unha probabilidade moi baixa de reanimación.
 - B) O cansazo extremo do reanimador.
 - C) O nivel de dióxido de carbono ao final da expiración (ETCO₂) en pacientes entubados. Un nivel inferior a 10 mm Hg (valorado mediante capnografía) ao cabo de 40 minutos de RCP asóciase a unha probabilidade moi baixa de reanimación.
 - D) Ningunha é correcta.
28. Non é un incidente relacionado coa doazón convencional:
- A) Unha reacción hemolítica.
 - B) Unha extravasación.
 - C) Unha reacción vasovagal.
 - D) Unha lesión neurolóxica.
29. En relación coa doazón autóloga, sinale a resposta incorrecta:
- A) Enténdese por doazón autóloga o sangue e compoñentes sanguíneos extraídos dunha persoa e dedicados exclusivamente á súa transfusión autóloga posterior ou outra aplicación terapéutica á mesma persoa.
 - B) A autotransfusión só poderá realizarse por prescrición médica ou por pedimento do paciente por criterios de saúde ou benestar.
 - C) A frecuencia e o número de extraccións estableceranos conxuntamente o médico prescriptor e o médico responsable do centro ou servizo de transfusión de forma individualizada para cada doador-paciente.
 - D) O Real decreto 1088/2005, do 16 de setembro, ten en conta os criterios de exclusión na doazón autóloga.

30. A calibración do fotómetro para hemoglobina realizarase:
- A) Con hemoglobina de referencia cada semana.
 - B) Con hemoglobina de referencia cada mes.
 - C) Con hemoglobina de referencia cada dous meses.
 - D) Con hemoglobina de referencia cada día.
31. Terán consideración de equipo crítico:
- A) Todos os que afecten á calidade.
 - B) O software.
 - C) O hardware.
 - D) Todas son correctas.
32. O transporte e distribución do sangue total e compoñentes eritrocitarios líquidos realizarase a unha temperatura entre:
- A) 2 °C e 10 °C.
 - B) 1 °C e 8 °C.
 - C) 1 °C e 10 °C.
 - D) 2 °C e 11 °C.
33. A plasmaférese:
- A) Permite obter unha maior cantidade de plasma ca na doazón de sangue total.
 - B) Como o doador conserva os glóbulos vermellos, a recuperación é case inmediata e pode repetir a doazón de aférese nun prazo de 15 días.
 - C) Permite obter plasma para elaborar hemoderivados que se empregan para tratar a hemofilia (A e B) e outros déficits conxénitos de factores da coagulación, así como enfermidades autoinmunes.
 - D) Todas son correctas.
34. A escoita activa (sinale a incorrecta):
- A) Proporciona maior coñecemento do paciente.
 - B) Mellora a predisposición do paciente.
 - C) Ao evitarlle as interrupcións ao paciente, proporciónalle maior seguridade sobre a expresión das súas opinións e sentimentos.
 - D) Todas son correctas.
35. En relación coa selección do doador, sinale o rexistro falso:
- A) Idade.
 - B) Peso.
 - C) Temperatura.
 - D) Nivel de proteínas.
36. A calibración das balanzas farase:
- A) Con pesas calibradas.
 - B) Cada seis meses.
 - C) Sempre que exista desprazamento.
 - D) Todas son correctas.

37. Segundo a Guía de reanimación cardiopulmonar (RCP) 2015 do Consello Europeo de Resucitación, nunha RCP básica de calidade, tocante ás compresións torácicas:
- A) Han de ter unha frecuencia entre 100-120/minuto.
 - B) Débese minimizar o tempo sen compresións torácicas durante a RCP.
 - C) Recoméndase cambiar de reanimador cada 2 minutos.
 - D) Todas as respostas son correctas.
38. No transporte e distribución do sangue, que condicións teñen que preservarse?
- A) A integridade e a confidencialidade.
 - B) A integridade e as propiedades do produto.
 - C) A integridade e a tipificación.
 - D) Ningunha é certa.
39. O Consello Europeo de Reanimación, en relación coa presenza de familiares durante a reanimación avanzada, di que:
- A) Desaconsella a presenza dos familiares durante a reanimación para evitar interferencias nas manobras de reanimación.
 - B) Apoia que se lles ofrezca aos parentes a elección de estar presentes durante un intento de resucitación. Para iso débense ter en conta, entender e apreciar con sensibilidade as variantes culturais e sociais dos familiares.
 - C) Existen estudos que mostran que as familias que estiveron presentes cando os seus fillos faleceron tras manobras de reanimación asumen mellor o proceso de dó.
 - D) B e C son respostas correctas.
40. O contacto físico relacionado coa comunicación:
- A) Pode ser mal interpretado e producir barreiras na comunicación.
 - B) É unha forma de comunicación non verbal.
 - C) O seu valor e aceptación están moi influídos pola cultura.
 - D) Todas as respostas son correctas.
41. Sinale quen lidera os protocolos e procedementos de limpeza nun centro sanitario:
- A) Recursos materiais.
 - B) Medicamento preventivo.
 - C) As unidades dos distintos servizos.
 - D) Todas son falsas.
42. A forma idónea de almacenar as plaquetas será:
- A) Coas etiquetas cara arriba.
 - B) Nun colector de rede.
 - C) En axitadores.
 - D) Ningunha é correcta.
43. Os estándares e recomendacións de calidade atenden a aspectos clave como son:
- A) A seguridade do paciente.
 - B) A organización e a xestión.
 - C) A estrutura física e os recursos.
 - D) Todas son correctas.

44. Segundo a Organización Mundial da Saúde, tocante ao Día Mundial do Doador de Sangue do 2017:
- A) Celébrase o 14 de xuño.
 - B) A campaña deste ano leva a mensaxe "Doar sangue é o mellor, e sábelo".
 - C) Non existe o Día Mundial do Doador de Sangue.
 - D) Este ano 2017 o país anfitrión do evento organizado pola OMS será España.
45. Que microorganismos se destrúen na esterilización?
- A) Todas as formas de vida microscópicas, incluídos virus e esporas.
 - B) Só as esporas resistentes.
 - C) Só os virus.
 - D) Todas son certas.
46. O sistema AIDA no márketing da doazón fai referencia a:
- A) Atención, Intención, Desenvolvemento, Acción.
 - B) Atención, Interese, Desenvolvemento, Acción.
 - C) Atención, Interese, Desexo, Acción.
 - D) Atención, Impresión, Desexo, Aceptación.
47. En relación coas incidencias do software específico aplicable a servizos e centros de transfusión, sinale a resposta correcta:
- A) Cursaranse ao persoal.
 - B) Xestionaranse.
 - C) Deterase o equipo.
 - D) Ningunha é correcta.
48. Rexistros de información do centro de transfusión (sinale a resposta falsa):
- A) Número total de doazóns.
 - B) Número total de operacións.
 - C) Número total de produtos retirados.
 - D) Número total de efectos adversos graves comunicados.
49. O termo usado de maneira xeral para facer referencia a calquera tipo de efecto, acción ou reacción inesperada durante os procesos de doazón, preparación de compoñentes ou transfusión é:
- A) Efecto adverso grave.
 - B) Incidente.
 - C) Reacción adversa.
 - D) Complicación.
50. O sistema informático de software específico aplicable a servizos e centros de transfusión, en relación cos datos de doadores e receptores, terá que garantir (sinale a resposta correcta):
- A) Exactitude.
 - B) Precisión.
 - C) Arquivos encriptados.
 - D) Fácil manexo.

51. Cal é o decreto polo que se establecen normas e especificacións relativas ao sistema de calidade dos centros e servizos de transfusión?
- A) Real decreto 1343/2007, do 11 de outubro.
 - B) Real decreto 1088/2005, do 16 de setembro.
 - C) Real decreto 62/2003, do 17 de xaneiro.
 - D) Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro.
52. Nas "mesturas" de compoñentes a etiqueta deberá reflectir (sinale a resposta correcta):
- A) A cantidade de unidades que o compoñen.
 - B) A data de saída.
 - C) O peso do produto.
 - D) As instrucións de aféreses.
53. Os rexistros serán:
- A) Lexibles e confidenciais.
 - B) Lexibles e indelebles.
 - C) Lexibles e encriptados.
 - D) Ningunha é certa.
54. As actividades asistenciais que se realizan en equipo son especialmente vulnerables ao atraso dun só dos seus membros. Isto pode ter como consecuencia:
- A) Falta de respecto cara ao tempo do paciente.
 - B) Incerteza e crispación do paciente que poderían ser evitables.
 - C) Falta de consideración cara aos compañeiros implicados.
 - D) Todas as respostas son correctas.
55. A Federación Española de Doadores de Sangue na Estatística nacional sobre doazón de sangue en España reflicte que o maior índice de doazóns por cada mil habitantes no ano 2015 en relación co ano 2014 tivo lugar na Comunidade Autónoma de:
- A) Asturias.
 - B) Galicia.
 - C) Extremadura.
 - D) Castela e León.
56. Que características deberán ter os refrixeradores, conxeladores e incubadores usados para o almacenamento do sangue?
- A) Deseño, capacidade e temperatura uniforme no seu interior.
 - B) Temperatura uniforme no seu interior, deseño e marca rexistrada.
 - C) Deseño, capacidade e marca rexistrada.
 - D) Deseño, alarma e marca rexistrada.
57. As bolsas de plástico destinadas á recollida e almacenaxe de residuos deberán ser (sinale a resposta correcta):
- A) Opacas.
 - B) De material resistente.
 - C) Impermeables.
 - D) Todas son certas.

58. Notas rápidas de Windows 7:

- A) É unha aplicación que nos permite xestionar usuarios.
- B) É unha aplicación de correo electrónico.
- C) É o navegador por defecto de Windows 7.
- D) É unha aplicación que nos permite crear anotacións no escritorio.

59. En neveiras e conxeladores de laboratorio, o control diario da temperatura realizarase:

- A) Cun termómetro convencional.
- B) Cun termómetro bipolar.
- C) Cun termómetro termopar.
- D) Cun termómetro de dobre medición.

60. Que non debe facerse nunha reanimación cardiopulmonar (RCP) de calidade en adultos segundo a Guía de RCP 2015 do Consello Europeo de Resucitación:

- A) Comprimir a unha frecuencia de 100-120/minuto.
- B) A profundidade da compresión ha de ser, como mínimo, de 5 cm e non exceder dos 6 cm.
- C) Non permitir unha descompresión torácica completa para evitar perdas de tempo innecesarias.
- D) Despois de cada compresión, o/os reanimador/es deben evitar apoiarse sobre o tórax entre as compresións.

61. O grupo de traballo sobre promoción da doazón, dependente do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, elaborou un documento no que recolle información sobre os motivos que levaron a doar sangue entre doadores habituais. Entre eles, inclúense:

- A) Solidariedade humana.
- B) Campañas no centro de traballo ou estudo.
- C) Un familiar/amigo necesitaba urxentemente a transfusión.
- D) Todas son correctas.

62. Nas recomendacións facilitadas polo Servizo Galego de Saúde para mellorar a calidade da comunicación co paciente non se inclúe:

- A) Promover a comunicación na lingua materna do receptor.
- B) Parafrasear para verificar que nos entende.
- C) Conducir a conversación, cortándoa, no caso de que o paciente divague.
- D) Mirar aos ollos.

63. Das fases dun ciclo en autoclave de prebaleiro, sinale a que non corresponde:

- A) Meseta de esterilización.
- B) Secado.
- C) Presión por carga.
- D) Desvaporización.

64. Non forma parte da cadea de supervivencia nos paros cardíacos intrahospitalarios:

- A) Vixilancia e prevención.
- B) Recoñecemento e activación do sistema de resposta a urxencias.
- C) Servizos de urxencias médicas básicos e avanzados.
- D) Soporte vital avanzado e coidado posparo cardíaco.

65. Canto tempo hai que gardar os seguintes rexistros? Sinale a resposta correcta.
- A) Repetición de probas serolóxicas, 3 anos.
 - B) Destino final de cada unidade, 20 anos.
 - C) Consentimento informado da transfusión, 30 anos.
 - D) Estudos de identificación de anticorpos irregulares, 5 anos.
66. En relación coa calidade asistencial, a efectividade:
- A) É a capacidade dun procedemento ou tratamento concreto de mellorar o grao de saúde.
 - B) É a relación entre o impacto real dun servizo e o seu impacto potencial en situación ideal.
 - C) A e B son correctas.
 - D) É a relación entre o impacto real dun servizo e o seu custo de produción.
67. É posible reposicionar a barra de tarefas de Windows 7?
- A) Non, unicamente pode estar situada na parte inferior da pantalla.
 - B) Si, se desbloqueamos a barra de tarefas, poderemos arrastrala ata outra posición na pantalla.
 - C) Unicamente se dispoñemos da versión profesional de Windows 7.
 - D) A barra de tarefas xa non existe en Windows 7.
68. Na área de notificación:
- A) Atopamos información de utilidade sobre o funcionamento do noso equipo, así como a hora e a data actuais.
 - B) Poderemos realizar procuras en Internet.
 - C) Móstranse os arquivos máis recentes cos que traballamos.
 - D) Están os botóns que nos permiten suspender, reiniciar ou apagar o equipo.
69. Pode ser unha dificultade para a comunicación (sinale a resposta incorrecta):
- A) A xordeira.
 - B) O traballo en cadea.
 - C) A honestidade.
 - D) Falar demasiado rápido.
70. No márketing da doazón de sangue, é certo que:
- A) O obxecto do márketing aplicado ao campo da doazón de sangue non é a venda ou a oferta de produtos, senón a venda de bos sentimentos aos doadores.
 - B) O márketing na doazón de sangue trata de alcanzar varios obxectivos, entre eles, a captación e fidelización de doadores de sangue.
 - C) Son modelos de márketing da doazón de sangue: o modelo AIDA e o «ciclo de catro etapas» do servizo de transfusión de sangue de Quebec (Hema-Quebec) e o Donor Loyalty Group (grupo de fidelización de doadores).
 - D) Son todas as respostas correctas.

71. A Guía de reanimación cardiopulmonar (RCP) 2015 do Consello Europeo de Resucitación, na reanimación cardiopulmonar pediátrica avanzada, di que:

- A) A maioría das paradas cardíacas nos nenos e adolescentes son de causa respiratoria. Polo tanto, é importante realizar inmediatamente a RCP antes de ir buscar un desfibrilador manual ou semiautomático, xa que a súa utilización rápida non mellora os resultados da parada de orixe respiratoria.
- B) A taquicardia ventricular sen pulso e a fibrilación ventricular son máis frecuentes tras unha perda de consciencia brusca en nenos con enfermidade cardíaca ou neonatos.
- C) Cando xa existe monitoraxe cardíaca e se detecta actividade eléctrica sen pulso, bradicardia (< 60 lpm) sen signos vitais e asistolia, o factor determinante de maior supervivencia é iniciar a desfibrilación o máis rapidamente posible.
- D) A e C son correctas.

72. Son tipos de risco nunha auditoría (sinale a resposta incorrecta):

- A) Risco de control.
- B) Risco inherente.
- C) Risco de seguimento.
- D) Risco de detección.

73. Os equipos serán utilizados por:

- A) Hematólogos formados.
- B) Técnicos destinados a este servizo.
- C) Enfermeiras especialistas.
- D) Todo o persoal formado e capacitado.

74. As modificacións na aplicación informática de software específico aplicable a servizos e centros de transfusión serán:

- A) Autorizadas.
- B) Validadas.
- C) Documentadas.
- D) Todas son certas.

75. Que rexistro de información debe existir nun centro de transfusión en relación co doador?

- A) Identificación.
- B) Consentimento.
- C) Sinatura do responsable sanitario.
- D) Todas son certas.

76. En España a aprobación dos desinfectantes que se poden utilizar en centros sanitarios compételle:

- A) Á Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios.
- B) Á Axencia Española de Vixilancia e Produtos Sanitarios.
- C) Ningunha é certa.
- D) Á Axencia Española de Saúde Laboral e Normativas Europeas.

77. Que factores caracterizan a complexidade da limpeza dun servizo sanitario?
- A) A estandarización dos procesos empregados.
 - B) Os controis de calidade.
 - C) A recolección de indicadores.
 - D) Todas son certas.
78. Os parámetros que se utilizan para avaliar o proceso de esterilización son (sinale a resposta correcta):
- A) Valor R.
 - B) Tempo de desactivación.
 - C) Valor F.
 - D) Tempo de penetración.
79. En relación cos puntos fixos de doazón de sangue en Galicia, sinale a resposta incorrecta:
- A) Facilitan aparcadoiro gratuíto.
 - B) Son 8 puntos fixos.
 - C) Están repartidos nas 4 provincias galegas.
 - D) Todas as respostas son correctas.
80. Debe existir un mecanismo alternativo en caso de fallo da aplicación informática de software específico aplicable a servizos e centros de transfusión. Cada canto se comprobará e rexistrará este mecanismo?
- A) Unha vez ao mes.
 - B) Unha vez ao ano.
 - C) Dúas veces por mes.
 - D) Cada dous meses.
81. Na actividade asistencial cotiá prodúcense con frecuencia indesexables situacións de conflito. En relación cos conflitos, sinale a resposta incorrecta:
- A) Todo conflito impide sempre propiciar espazos para a creatividade e a innovación.
 - B) Os conflitos disfuncionais consomen moita enerxía persoal e danan a cohesión entre os grupos de traballo.
 - C) Os conflitos destrutivos promoven hostilidades interpersoais.
 - D) Todas son correctas.
82. O transporte dos compoñentes sanguíneos farase en:
- A) Vehículos de gran volume.
 - B) Vehículos con marca rexistrada.
 - C) Vehículos sen validación.
 - D) Ningunha é correcta.

83. A universidade e escolas de formación profesional son colectivos que agrupan unha poboación susceptible para a doazón de sangue. Posúen, ademais, unha serie de características que facilitan a realización de campañas regulares na captación de doadores. Sinale a resposta incorrecta:

- A) Trátase dun colectivo numeroso, localizado, accesible e en continuo recambio, o que permite realizar campañas de periodicidade anual.
- B) É un colectivo novo e supostamente san. Pódese crear unha base de doadores novos con moitos anos por diante, polo que se poderán converter en doadores habituais e fidelizados cando terminen a súa formación.
- C) Para desenvolver a promoción da doazón de sangue e por tratarse dun tema de saúde pública, non é indispensable obter a colaboración da dirección do centro para dispoñer das súas instalacións e facer uso delas.
- D) Pódense converter en difusores da mensaxe na súa contorna, colaborando con iso a xerar unha impresión dominante favorable á doazón.

84. Durante cantos anos, como mínimo, se debe gardar a identificación das bolsas de sangue e dos seus compoñentes no software específico aplicable a servizos e centros de transfusión?

- A) Durante 30 anos.
- B) Durante 20 anos.
- C) Durante 15 anos.
- D) Durante 1 ano.

85. As copias de seguridade do sistema informático de software específico aplicable a servizos e centros de transfusión faranse:

- A) Cada semana.
- B) Cada día.
- C) Non é necesario.
- D) Unha vez ao mes.

86. O silencio

- A) Supón que a comunicación co paciente falla.
- B) É un sinal de fracaso na relación terapéutica co paciente.
- C) Debe permitirse e xestionarse adecuadamente.
- D) Todas as respostas son incorrectas.

87. Segundo a actualización do 2015 do Consello Europeo de Resucitación sobre soporte vital cardíaco avanzado:

- A) O uso combinado de vasopresina e adrenalina ofrece moitas vantaxes fronte ao uso da adrenalina en dose estándar para o tratamento do paro cardíaco. O uso combinado incrementa a taxa de supervivencia.
- B) O uso combinado de adrenalina e amiodarona ofrece moitas vantaxes fronte ao uso da adrenalina en dose estándar para o tratamento do paro cardíaco. O uso combinado incrementa a taxa de supervivencia.
- C) O uso combinado de vasopresina e adrenalina non ofrece vantaxes fronte ao uso da adrenalina en dose estándar para o tratamento do paro cardíaco.
- D) Todas son incorrectas.

88. Sinale cal dos supostos non é un requisito mínimo para o control dos equipos:
- A) A alarma.
 - B) A temperatura.
 - C) O illamento.
 - D) Mantemento cada dous anos.
89. O sistema de calidade dos centros e servizos de transfusión deberá garantir:
- A) Que todos os procesos críticos estean especificados nas instrucións pertinentes.
 - B) Que o persoal que traballa nos procesos non é responsable da calidade.
 - C) Na calidade non se recolle o tipo de contrato.
 - D) Na calidade non se inclúe a promoción da doazón.
90. Se borramos un arquivo dun cartafol:
- A) Non poderá ser recuperado posto que Windows 7 elimina automaticamente os arquivos borrados.
 - B) Será enviado ao Panel de Control, desde o cal poderemos elixir restauralo á súa localización orixinal.
 - C) Será enviado á Papeleira de Reciclaxe, desde a cal poderemos elixir restauralo á súa localización orixinal.
 - D) Ningunha das anteriores.
91. Nas hemacias crioconservadas o tempo de conservación será:
- A) 20 anos, dependendo do procedemento de extracción, procesamento e conservación utilizado.
 - B) 30 anos, dependendo do procedemento de extracción, procesamento e conservación utilizado.
 - C) 10 anos, dependendo do procedemento de extracción, procesamento e conservación utilizado.
 - D) 5 anos, dependendo do procedemento de extracción, procesamento e conservación utilizado.
92. Unha norma UNE-EN é:
- A) A versión oficial en español das normas europeas, que son adoptadas tras a aprobación dun órgano específico dentro da estrutura de normalización nacional de AENOR.
 - B) Unha norma ratificada por AENOR e elaborada polo CEN (Comité Europeo de Normalización), que constitúen estándares europeos.
 - C) A e B son correctas.
 - D) Ningunha resposta é correcta.
93. Son criterios de exclusión na doazón autóloga as persoas con:
- A) Infección bacteriana activa.
 - B) Marcadores positivos para o VHC.
 - C) Marcadores positivos para VIH-I/II.
 - D) Todas son correctas.

94. Que resposta é incorrecta?

- A) Unha doazón pode beneficiar a máis dun enfermo.
- B) O plasma consérvase ata dous meses.
- C) Na doazón por aférese, o volume extraído é inferior ao 13 % do volume total de sangue do doador.
- D) Soamente 7 de cada 100 doadores posúen o grupo sanguíneo CERO NEGATIVO.

95. Os servizos de transfusión levarán un rexistro de (sinale a resposta falsa):

- A) Destino das unidades.
- B) Cribado de sistemas.
- C) Reaccións transfusionais.
- D) Probas de compatibilidade efectuadas.

96. Sinale o rexistro que non é necesario gardar:

- A) Rexistro de todo o proceso de aférese.
- B) Reaccións adversas á doazón.
- C) Discrepancias de reactivos compatibles.
- D) Ficha transfusional.

97. En relación co doador, sinale o criterio de rexistro verdadeiro:

- A) Criterios de exclusión.
- B) Criterios de cribado.
- C) Criterios de tratamento.
- D) Criterios de marcadores.

98. Os preparados de plaquetas en estado líquido, a que temperatura se deben de conservar?

- A) + 15 °C a + 24 °C.
- B) + 20 °C a + 24 °C.
- C) + 20 °C a + 25 °C.
- D) + 20 °C a 22 °C.

99. En relación coa plaquetoaférese, sinale a resposta incorrecta:

- A) Para pode doar plaquetas por aférese, é necesario ter máis de 150 000 plaquetas por mm^3 .
- B) Nunha plaquetoaférese obtéñense 12 ml de plaquetas, cantidade que equivale ás plaquetas obtidas en 5 doazóns convencionais.
- C) Tras a plaquetoaférese, o doador queda con cifras seguras de plaquetas e ás 72 horas recupera as cifras iniciais.
- D) Ao doar un só elemento do sangue, a plaquetoaférese pódese realizar con maior frecuencia ca a doazón convencional.

100. Durante cantos anos, como mínimo, se debe de gardar a identificación persoal de cada usuario e claves de acceso do software específico aplicable a servizos e centros de transfusión?

- A) Durante 5 anos.
- B) Durante 30 anos.
- C) Durante 15 anos.
- D) Durante 20 anos.

- 101.** En relación coa plaquetoplasmaférese:
- A) É un procedemento que dura aproximadamente 1 hora e obtéñense 300 ml de plasma e 120 ml de plaquetas.
 - B) O doador recupera o plasma e as plaquetas ás 48 horas tras a plaquetoplasmaférese.
 - C) A doazón convencional pódese realizar con maior frecuencia ca a plaquetoplasmaférese.
 - D) Todas as respostas son correctas.
- 102.** Das características que ha de ter un desinfectante, sinala a resposta falsa:
- A) Amplo espectro antimicrobiano.
 - B) Acción intermedia.
 - C) Compatibilidade con variedade de superficies.
 - D) Soluble en auga.
- 103.** A Guía de reanimación cardiopulmonar (RCP) 2015 do Consello Europeo de Resucitación di que o reanimador que actúe só debe iniciar a RCP nun adulto con:
- A) 30 compresións torácicas seguidas de 2 ventilacións.
 - B) 30 compresións torácicas seguidas de 1 ventilación.
 - C) 15 compresións torácicas seguidas de 1 ventilación.
 - D) Ningunha é correcta.
- 104.** Que real decreto regula os equipos, material e reactivos?
- A) Real decreto 414/1995, do 1 de marzo.
 - B) Real decreto 414/1996, do 27 de marzo.
 - C) Real decreto 414/1996, do 1 de marzo.
 - D) Real decreto 414/1995, do 27 de marzo.
- 105.** O proceso polo cal se recolle un pequeno volume de sangue, se separa o elemento necesario e se restitúe o resto de compoñentes ao doador denomínase:
- A) Aférese.
 - B) Doazón autóloga.
 - C) Non existe ese proceso de doazón de sangue.
 - D) Todas as respostas son incorrectas.
- 106.** Os equipos, material e reactivos deberán cumprir a lexislación vixente; para iso disporán:
- A) Da marcaxe CE.
 - B) Do código de barras.
 - C) Da marcaxe de funcionamento.
 - D) Da marcaxe de corrección.
- 107.** A Unidade de Promoción da Doazón xestiona unha liña de atención telefónica. Esta liña pode empregarse para:
- A) Resolver calquera dúbida relacionada coa doazón de sangue.
 - B) Coñecer as datas nas que se desprazarán as unidades móbiles de doazón aos concellos de Galicia.
 - C) Accederen a promocións e bonos de desconto con empresas que promoven a doazón de sangue os doadores xa fidelizados.
 - D) A e B son correctas.

108. Que termo se refire a aspectos relacionados coa xestión do espazo persoal; por exemplo, a distancia interpersonal na comunicación ou a disposición do mobiliario no medio?

- A) Paranoia.
- B) Cinestésica.
- C) Proxémica.
- D) Territorialidade.

109. De acordo coa filiación do auditor, as auditorías clasifícanse en:

- A) Fiscal ou de xestión.
- B) Operacional ou de calidade.
- C) Externa ou interna.
- D) Autónoma ou empresarial.

110. Cantos niveis hai de desinfección (sinale a resposta correcta)?

- A) Baixo nivel, nivel cuaternario e nivel crítico.
- B) Baixo nivel, nivel medio e nivel crítico.
- C) Baixo nivel, medio nivel e alto nivel.
- D) Nivel alto, nivel baixo e nivel crítico.